

ACTA DA ASAMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA 15 de novembro 2020

En Vigo, sendo as 20:30 horas do 15 de novembro de 2020, reúnense por videoconferencia os membros da Asemblea Xeral da Federación Galega de Ciclismo (FGC) debidamente acreditados que se relacionan ao final da presente acta.

En primeiro lugar, a Secretaria, Dona Begoña Carpinteiro, toma a palabra para iniciar a reunión nomeando brevemente as instrucións para a correcta realización da mesma. Pasa lista dos asistentes, confirmando as delegacións de representación dos Presidentes dos clubs que non poden asistir. Tras o reconto, desculpa a ausencia do Presidente que por motivos laborais urxentes incorporárase máis tarde á reunión.

Posteriormente, pasa a desenvolver a orde do día co primeiro punto.

1. Estudo e aprobación do calendario deportivo de Ciclocrós 2020-2021

A Secretaria dá lectura ao calendario deportivo da tempada de Ciclocrós que consta de seis probas puntuables para a Copa Galicia (Marín, Sanxenxo, Santiago de Compostela, Boiro, Ou Porriño e Maceda). Para pechar o calendario, a celebración do Campionato de Galicia en Ferrol.

Sen observacións ao presente punto, procédese ás votacións por chamada nominal quedando o calendario deportivo de Ciclocrós aprobado por maioría de votos co seguinte resultado:

Abstencións: 1 voto
Caimanes Betanzos, C. BTT

En contra: 0 votos

A favor: 19 votos
Avanza, A.D.
Bici Verde, CC
Biciosos-Rías Baixas, P.C.
Cambre, C.C.
Corbelo, C.C.
Coruxo, C.C.
Cycling Team Cabañas, C
Esmelle, C.
Máster da Louriña, C.
Monteneme, C.C.
O Rosal, C.C.
Orensano, CC
Teis, C.C.
Vigués, C.C.
D. Esteban Lorenzo Vila
D. Ramón Troncoso Sobrino
D. Luis Fernández Oliveira
D. Noé Rodríguez Fernández
D. Iván Lorenzo Redondo

2. Estudo e aprobación da Normativa Técnica 2021: Título IV. Probas de Ciclocrós

A Secretaria expón as propostas ao borrador do título IV. Probas de Ciclocrós da Normativa Técnica 2021 recollidas despois da reunión on- line realizada cos clubs organizadores o día 21 de setembro de 2020, a revisión do CTA e da Xunta Directiva da FGC. O técnico, D. Guillermo Sande Covelo, intervéñ para definir os aspectos técnicos da nova tempada.

Ao termo da exposición chega a quenda de preguntas, D. Rodrigo Filgueiras, representante do Caimanes Betanzos, C. BTT, pregunta sobre a formación das grellas de saída na primeira proba da Copa. O técnico da FGC respóndelle que se establecen seguindo o ranking do ano pasado. O representante do Rosal, C.C., D. Ramón Villa, pregunta onde van os 10€ do importe das inscricións. A Secretaria respóndelle que á plataforma da FGC, despois axustarase o 50% do total co organizador e a nivel contable será necesario por parte dos clubs emitir unha factura ou documento soporte para iso. O Avanza, A.D., D. Ricardo Maquieira, pregunta polo chat que material se vai a facilitar para a Copa. A Secretaria respóndelle que a achega por parte da FGC está detallada no Prego de Condicións da Copa de Galicia no capítulo de obrigacións da FGC. Dá lectura das mesmas.

Non habendo máis intervencións, dá comezo ás votacións do segundo punto da orde do día, quedando aprobado por maioría de votos.

Abstencións: 6 votos

Caimanes Betanzos, C. BTT

Biciosos-Rías Baixas, P.C.

O Rosal, C.C.

D. Iván Lorenzo Redondo

Cambre, C.C.

Vilalba-As Pontes, C.C.

En contra: 1 voto

Cycling Team Cabañas, C.

A favor: 14 votos

Avanza, A.D.

Bici Verde, CC

Corbelo, C.C.

Coruxo, C.C.

Esmelle, C.

Máster da Louriña, C.

Monteneme, C.C.

Orensano, CC

Teis, C.C.

Vigués, C.C.

D. Esteban Lorenzo Vila

D. Ramón Troncoso Sobrino

D. Luis Fernández Oliveira

D. Noé Rodríguez Fernández

Neste momento incorpórase o Presidente da Federación Galega de Ciclismo, D. Juan Carlos Muñiz Nieto.

Antes de finalizar o segundo punto, D. Carlos Moure do Ourensán, C. C. pregunta polo chat se o do 50% da inscrición dos másteres é unha iniciativa da Xunta Directiva. A Secretaria respóndelle que si en consenso cos organizadores.

3. Estudo e aprobación do Protocolo de prevención e protección Covid-19 para Ciclocrós

O Presidente saúda aos asistentes e pide desculpas por non estar presente desde o inicio da reunión. Seguidamente, comeza coa presentación do Protocolo FisiCovid que foi acordado coa Xunta de Galicia seguindo as recomendacións do DOG sendo un protocolo estrito adaptado á nova normalidade, pero sinxelo de aplicar para realizar a actividade con seguridade. É a terceira versión do Protocolo Covid-19 da FGC, específico para a disciplina de Ciclocrós, é un documento vivo que pode sufrir posibles modificacións, se houberse algún tipo de restrición ou nova recomendación para a volta á actividade, esta sería aprobada pola Comisión Delegada. O Presidente explica como se desenvolveu a adaptación desta terceira versión, sinala as novidades máis destacadas como a necesidade de realizar test Covid para todos os participantes e os eventos sen asistencia de público. Insiste no sentido común, rigorosidade e concienciación nos deportistas e técnicos.

A continuación, o Presidente xunto coa Secretaria pasan a debullar o novo documento do Protocolo Covid-19 específico para Ciclocrós.

Ao termo da exposición, ábrese a quenda de intervencións por parte dos asistentes.

D. Rodrigo Filgueiras, representante do Caimanes Betanzos, C. BTT, que pregunta polo test PCR, antígenos ou serolóxico se é unicamente para os participantes, non para os técnicos e se o test preséntase entre 24/72 horas antes da proba, pode ser de cinco ou oito días antes porque se fala de 14 días de validez. O Presidente dille que se é correcto á primeira pregunta e respecto a segunda, o test para a primeira proba debe facelo no prazo marcado no DOG entre as 24/72 horas. D. Rodrigo Filgueiras tamén pregunta polos prezos dos test. O Presidente informa que a FGC fixo un convenio coas clínicas Gaias por importe de 25€. O representante do Caimanes Betanzos, C. BTT tamén pregunta pola asistencia de técnicos e corredores, quere saber se podería ir ademais un responsable de equipo e polas sancións que se poderían aplicar ás persoas federadas. Á primeira pregunta respóndeselle que si. E á segunda, o Presidente dille que ao existir un réxime disciplinario só poderíase sancionar aos federados. No Protocolo FisiCovid xa está estipulado as posibles sancións a aplicar. E se son persoas non federadas as que non respecten as normas, de ser necesario chamaríase ás autoridades. D. Rodrigo Filgueiras mostra a súa preocupación pola distancia entre corredores á hora de competir. O Presidente respóndelle que só se sancionará o contacto directo entre corredores.

Intervén D. Manuel Vázquez Castro, representante do Cycling Team Cabanas, C., para preguntar se a FGC a través da plataforma crea un salvoconduto para poder circular fóra das áreas restrinxidas para deportistas e técnicos federados. Cal serán os criterios para as persoas non federadas. O Presidente respóndelle que poderá asistir unha persoa por cada corredor. D. Manuel Vázquez puntualiza que o persoal debe estar acreditado, que o criterio non sexa unicamente darse de alta nunha plataforma. Ábrese debate sobre o problema de poder inscribirse persoal non federado na plataforma RFEC para obter o salvoconduto de asistir a eventos deportivos, tal e

como está agora estipulado. Para finalizar a intervención, o Presidente sinala que se enviará un recordatorio aos clubs apelando ao sentido común e á colaboración entre todos e se non funciona subliña que se tomasen outro tipo de medidas como permitir asistir só a persoal federado.

D. José Vila, en representación do Coruxo, C.C., pregunta pola forma de certificar as probas serolóxicas porque hai médicos de cabeceira que se negan a emitir certificados, se sería válido por outro medio. O Presidente indícalle que se é válido que se presente noutro formato como os SMS que envía o Sergas co resultado da proba. Sinala ademais que a FGC oferta un serie de clínicas, pero que os clubs poden asistir a outros centros.

D. Ramón Villa, representante do Rosal, C. C. pregunta polos resultados do test se é instantáneo ou hai que esperar. O Presidente respóndelle que tardan entre 15 e 20 minutos.

D. Juan Carlos Candal do Cambre, C. C. pregunta no caso das categorías que pagan inscrición se o resultado dá negativo o venres, devolveríase o importe. O Presidente responde que se pasa unha condición deste tipo si se devolve.

D. Eduardo Fernández do Biciosos-Rías Baixas, P. C. pregunta se vai haber pases para prensa. Respóndeselle que si, os medios estarán acreditados.

Por último, procédese á votación do Protocolo de prevención e protección Covid-19, quedando aprobado co seguinte resultado:

Abstencións: 5 votos
Máster da Louriña, C.
Coruxo, C.C.
O Rosal, C.C.
Caimanes Betanzos, C. BTT
Cambre, C.C.

En contra: 2 voto
Cycling Team Cabañas, C
D. Julio Varela Rocha

A favor: 15 votos
D. Esteban Lorenzo Vila
Esmelle, C.
Monteneme, C.C.
D. Ramón Troncoso Sobrino
Biciosos-Rías Baixas, P.C.
D. Luis Fernández Oliveira
D. Iván Lorenzo Redondo
Corbelo, C.C.
Teis, C.C.
Vigués, C.C.
Bici Verde, C.C.
Vilalba-As Pontes, C.C.
Avanza, A.D.

D. Noé Rodríguez Fernández
D. Juan Carlos Muñiz Nieto

Ausencias:
Orensano, C.C.

Para pechar a reunión, o Presidente agradece a participación, colaboración e paciencia dos presentes. Envía ánimos e unha mensaxe de tranquilidade, de coidarse, de sentido común e responsabilidade e que o deporte ten que saír sumando e dar visibilidade aos deportistas. O deporte é seguro, non é o problema, é a solución para sacar isto adiante. Dá as grazas aos clubs que traballan día a día cos mozos, aos que organizan eventos por sacalos adiante, aos que teñen medo e prefiren non facer nada sendo respectable, mentres non haxa outra posibilidade. Queda ao dispor de todos para axudar porque a Federación está integrada por todos. Sen a axuda de todos será complicado que se poida unificar e saír desta situación.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 22:55 horas, e que como Secretaria, CERTIFICO co Vº e pr. do Presidente:

VºBº
O Presidente,

A Secretaria

Juan Carlos Muñiz Nieto

Begoña Carpinteiro Manteiga

LISTADO DE ASAMBLEÍSTAS

1. Presidente FGC, D. Juan Carlos Muñiz Nieto

Estamento de clubs

2. Avanza, A.D. (D. Ricardo Maquieira Fontán)
3. Bici Verde, CC (rep. Dña. Begoña Carpinteiro Manteiga)
4. Biciosos-Rías Baixas, P.C. (D. Eduardo Fernández Ramos)
5. Caimanes Betanzos, C. BTT (rep. D. Rodrigo Filgueiras Bernardo)
6. Cambre, C.C. (D. Juan Carlos Candal De La Cruz)
7. Corbelo, C.C. (D. Iván Pérez Sanmartín)
8. Coruxo, C.C. (D. José Vila Alvarez)
9. Cycling Team Cabañas, C. (D. Manuel Vázquez Castro)
10. Esmelle, C. (rep. D. Javier Tuimil Calvo)
11. Máster da Louriña, C. (rep. D. Jacobo Ucha Rodríguez)
12. Monteneme, C.C. (D. Víctor González Gende)
13. O Rosal, C.C. (rep. D. Ramón Villa Castro)
14. Orensano, CC (D. Carlos Moure Castro)
15. Teis, C.C. (D. José Antonio Ramos Besteiro)
16. Vigués, C.C. (rep. Dña María José Prado Villar)
17. Vilalba-As Pontes, C.C. (rep. D. Marcos Fernández Bellas)

Estamento de deportistas

18. D. Esteban Lorenzo Vila
19. D. Ramón Troncoso Sobrino

Estamento de técnicos

20. D. Luis Fernández Oliveira
21. D. Noé Rodríguez Fernández

Estamento de xuíces-árbitros

22. D. Iván Lorenzo Redondo
23. D. Julio Varela Rocha

Invitados

- D. Fco. Javier Cajiao Barroso
D. Oscar F. Sánchez Alonso
D. Guillermo Sande Covelo